

BIBLIOTECA DE BOQUEIXÓN

NOVIDADES INVIERNO

2016-2017



**PRÉSTANSE PARA CASA
OS LIBROS E OS DVDs**

**Achégate á biblioteca...tes o
que procuras**

**Forte, Casa do Concello
Teléfono: 981.51.30.61**



Para adultos



O ANXO NEGRO

MANUEL GAGO

A principios dos anos 80, Nicolás Bren, capitán retirado da Mariña Mercante, recibe un estraño encargo por parte dos veciños dunha parroquia montañesa da Costa da Morte: recuperar a figura roubada dunha Santa Mariña ...

A NEVE INTERMINABLE

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Un equipo de guionistas –tres mulleres e dous homes– recibe a encarga de escribir os guións dunha futura serie de televisión que se titulará *As fronteiras do medo*. Para concentrarse no traballo, acordan recluírse nun hostel solitario, nas terras da Fonsagrada. É inverno, no hostel só viven o matrimonio que o rexenta e mais outros tres hóspedes ...



TODO CANTO FOMOS

AUTOR: XOSÉ MONTEAGUDO

Todo canto fomos lévanos inevitablemente a todo o que hoxe somos, esa é a realidade que se transpira nestas historias que derivan nunha saga familiar que non podes parar de ler, cuns **personaxes cos que te encariñas facilmente**. Todos eles e elas son prototipos dun tempo ...



OS BORBÓNS: UNHA MONARQUÍA ESCANDALOSA A HERDANZA DO FRANQUISMO

MANUEL MONGE GONZÁLEZ

Este libro fala do que non se pode dicir, nin divulgar ...

NOVAS LAMBETADAS DUNHA LARPEIRA FELIZ

MERCHI RODAL

Na cociña de Merchi Rodal flota un recendo bárbaro a canela e a manteiga, porque sempre ten algo tentador no forno. Da tradición galega saca a inspiración para moitas das receitas que propón: as filloas, os amendoados, o arroz con leite, e a empanada de mazá...



DENDE O CONFLITO

MARÍA REIMÓNDEZ

Saíenza Combarro, unha xornalista galega que cobre conflitos bélicos para a BBC, vive en carne propia o dilema de optar polo cinismo e a resignación á hora de relatar o que ve cos seus propios ollos ou optar por defender a verdade íntima de quen é testemuña dos feitos máis arrepiantes ...

EL TIEMPO ENTRE SUTURAS

ENFERMERA SATURADA

Desde las tiritas de dibujos hasta el turismo de oposición en busca de la plaza fija, pasando por los camisones, el esparadrapo y la cafetería del hospital, nada escapa a esta enfermera que recorre todos los días los pasillos del hospital a golpe de tuit ...





MI LUCHA

LA HISTORIA DEL LIBRO QUE MARCÓ EL SIGLO XX


SVEN FELIX KELLERHOFF

En estos momentos en que el Instituto de Historia Contemporánea de Múnich publica de nuevo, tras setenta años de prohibición, *Mi Lucha*, el libro en que Hitler mezcló su autobiografía imaginaria y su programa, Sven Felix Kellerhoff, historiador y periodista, nos ofrece un estudio ampliamente ...

OFRENDA Á TORMENTA

DOLORES REDONDO

Na derradeira e contundente novela da triloxía de Dolores Redondo ambientada no Val do Baztán, topamos de novo coa inspectora Amaia Salazar, da Policía Foral de Navarra, un dos personaxes máis singulares da novela negra publicada nos últimos anos. Outra volta cunha trama trepidante e estremecedora ...



LENDAS GALEGAS DE TRADICIÓN ORAL

XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REBOREDO

Estas historias son tomadas do pobo, referidas a mouros, encantamentos, tesouros e cidades asolagadas. A súa riqueza é ben representativa do mundo rural tradicional ...

Infantil e xuvenil



ESCARLATINA, A COCIÑEIRA DEFUNTA



LEDICIA COSTAS

Como Román Casas quería ser un auténtico chef, pediulle aos seus pais un curso de cociña para o seu décimo aniversario, que coincide co Día de Defuntos, a festa dos mortos. E nese día tan especial recibiu un megasusto, un agasallo moi singular, un cadaleito acompañado dun sobre negro onde viñan as instrucións para activar a...

O MAGO DE OZ (COLECCION CUCAINA)

DE L. FRANK BAUM

O Mago de oz é unha historia infantil que conta as aventuras de Dorothy e o seu can Totó, do espantallo, do leñador de hojalata e do león covarde de camiño á Cidade Esmerlado ...



VIOLÍN

ANTONIO RUBIO (TEXTO)


ÓSCAR VILLÁN (ILUSTRACIÓN)

O oído dos prelectores reconece un mundo de sonoridad, onomatopeyas e sensacións. Instrumentos musicais, palmas e bicos envoltos en delicadas ilustracións.

ALICIA NO PAÍS DAS MARABILLAS

MARÍA LADO, LEWIS CARROL

Edicións do Cumio recupera este clásico de Lewis Carrol achegándonos, nesta ocasión, unha adaptación da novela orixinal pensada especialmente para os nenos ...



LUCES, BICOS E CORES



CONCHA BLANCO

Achegar aos primeiros lectores ás formas e ao son da poesía é un dos obxectivos do novo libro de Concha Blanco, unha pequena colección de poemas sobre os xoguetes, os fenómenos atmosféricos ...

A NOITE DAS CACHARELAS

PEPE CARREIRO

A noite das cacharelas explica a humorística visión deste autor sobre o xeito no que se celebraba o solsticio de verán na época castrexa ...



COLECCIÓN CLÁSICOS PARA ESTUDIANTES

LAZARILLO DE TORMES

Lazarillo de Tormes es una de las obras maestras de la literatura española. Su protagonista, Lázaro, narra su vida –con una lengua tan expresiva que parece que le oímos hablar– a un personaje, del que aparentemente nada sabemos ...

O CORAZÓN DE XÚPITER

LEDICIA COSTAS

Non foi doado para Isla mudar de cidade e empezar de cero nun novo instituto. Devecía por dar un paseo polo espazo, avistando planetas a través do telescopio, mergullada no ventre do universo. Casiopea, o nome da tartaruga máxica de Momo, era ...



EUROPA EXPRESS

ANDREA MACEIRAS

Aroa, Xacobe, Nico, Beatriz, Óscar, Piero e Mía deciden viaxar xuntos por Europa en Interrail ao rematar o Bacharelato. Descubrirán a vida en liberdade e a complexidade das relacións persoais ...

MADONNA E OUTROS CONTOS DE INVERNO

MANUEL RIVAS

Manuel Rivas reuniu neste libro oito dos seus contos que teñen o inverno e o Nadal como pano de fondo, tanto no presente como nas lembranzas dos personaxes. A tristeza da emigración, a experiencia límite do naufraxio, o amor que nos defende das adversidades, a resistencia durante o franquismo ...



OS SABUXOS DIVÍRTENSE NO MUSEO PROHIBIDO


JAUREGUIZAR

O barrio no que vive é un barrio calquera, dunha cidade calquera, onde nunca pasa nada. Vaia, case nunca. Porque un día Nica atopa un lugar secreto cheo de aparellos estraños e maravillosos para facer maxia ...

FORMIGAS. MISION NOVA YORK

PERE TOBARUELA

FORMOS4, FORX4N, FORNEL4 e FORM4IL son os catro integrantes dos FORMIG4S, unha brigada especial que vai ata calquera recuncho do mundo para esclarecer os casos máis enigmáticos e complicados ...



XOGUETES NATURALS: ARGALLADAS DOS PÍCAROS PRIMAVERA-VERÁN

LÓPEZ GONZÁLEZ XOSÉ

Xoguetes naturais é un caderno que nos ensina como realizar paso a paso 30 xoguetes con elementos da natureza, follas, herbas, flores. Detrás de todas estas "argalladas", atopamos un forte compromiso coa defensa do medio ambiente, pero sobre todo un deveso profundo de recuperación e posta en valor do xoguite popular e tradicion ...

Estas só son algunhas suxestións